



Albert Poch
www.rediabogados.com

Días contados

► O PREZO DO LEITE SEGUE SEN RECUPERARSE E A INDUSTRIA LÁCTEA [...] ACUMULA UN PODER DE NEGOCIACIÓN CADA VEZ MAIOR FRONTE AO GANDEIRO

As recentes mobilizacións de agricultores en diferentes puntos da xeografía española veñen a visibilizar para moitos a triste realidade que viven os profesionais do campo e a gandería, por culpa dos baixos prezos que perciben polos seus produtos, alimentos que todos consumimos a diario sen preguntarnos polas condicións de traballo que fan posible que cheguen á nosa mesa.

A situación, con todo, non é nova, senón que vén arrastrando desde hai décadas nas que o sector primario foi minguando, da mesma forma que esvaecía o poder negociador respecto da industria e a gran distribución, que na actualidade son os que se reparten o beneficio e determinan a marxe –cada vez máis escasa– que lle corresponde ao produtor.

Só así se explica que teña que deixarse froita na árbore porque o prezo non compensa recollela ou que un produto de consumo masivo como o leite de vaca, do que España é importadora porque a produción interna non cobre a demanda, estea a pagarse en 2020 a un prezo inferior do que se pagaba en 2000.

A situación, inasumible para moitísimos gandeiros, tradúcese nuns datos de abandono arrepiantes, posto que das case 60.000 explotacións de vacún leiteiro en activo que había en España no ano 2000, actualmente quedan xa menos de 13.000, o que supón que en 20 anos desapareceu o 80 % de gandeiros do sector, na súa práctica totalidade, ganderías familiares, que, ademais de levar a cabo una actividade económica esencial –a produción de alimentos–, daban vida ao mundo rural, xestionaban o medio forestal e, en definitiva, vertebraban o territorio.

A pesar diso, o prezo do leite segue sen recuperarse e a industria láctea, que en xullo de 2019 foi sancionada pola Comisión Nacional do Mercado e da Competencia (CNMC) por formar un cártel durante polo menos catorce anos (de 2000 a 2013) para repartirse o mercado de aprovisionamento de leite de vaca e pactar á baixa o prezo do leite, acumula un poder de negociación cada vez maior fronte ao gandeiro, convertido irremediabilmente no elo máis débil da cadea.

Esta situación permitiu que a industria láctea obtivese un beneficio ilícito por un importe superior aos 820 millóns de euros e, a forza de repetirse a pesar das sancións da CNMC, volveuse

crónica e incrementou a cifra dos danos causados aos gandeiros.

E é que, máis aló de que o sector non soubo organizarse para gañar peso e poder negociador, tampouco se activaron os mecanismos legais existentes para proporcionarlle ao gandeiro unha defensa rápida e eficaz fronte ás situacións de abuso por parte da industria, o que xerou un clima de impunidade que non veu senón a agravar a desesperanza na que vive sumida o sector.

Tampouco axudaron as administracións, que preferiron apostar por unha política de subvencións e plans de abandono, no lugar de empregarse sobre o terreo para impedir que se consolidasen prácticas comerciais que empobrecían o campo e que acabaron provocando que na actualidade ninguén queira traballar nun negocio raras veces rendible e que, nos poucos momentos de descanso que permite, contempla atónita en TV como a industria se anuncia como o mellor aliado do gandeiro.

O esgotamento dos homes e e das mulleres que traballan no campo é cada vez maior e a indignación que estes días se palpa nas protestas que foron convocadas en diferentes cidades españolas é o epílogo dunha forma de vida que ten os días contados porque, de seguir así, dentro de pouco non haberá agricultores para manifestarse: a España baleirada veu para quedar. ■



INNOVACIÓN, COMPROMISO Y GARANTÍA




BATIDOR CENTRÍFUGO
ESPECIAL PARA ARENA EN 5,50M
Y 8M DE LARGO EL PRECIO MÁS
COMPETITIVO DEL MERCADO
PRUÉBALO SIN COMPROMISO



ASTILLADORAS HIDRÁULICAS
DE 12 A 25 TONELADAS,
HORIZONTALES O VERTICALES



BATIDOR DE PURÍN ESPECIAL
PARA POZOS DE ARENA



CEPILLO BARREDOR
CON CAZO DE 1.80, 2.20 Y 2.40 M

NOVEDAD

PRECIO SIN
COMPETENCIA
¡CONSÚLTENOS!



NOVEDAD

DISPONIBLE A
CORTO PLAZO
¡CONSÚLTENOS!

ARRIMADOR AUTÓNOMO,
MODELO GALICIA: EL ÚNICO EN SU
CATEGORÍA CON CEPILLO BARREDOR.



CUCHILLA MAÍZ CON
LATERALES ABATIBLES



RODILLO COMPACTADOR
SILO CON DOSIFICADOR
PARA CONSERVANTE



ARRIMADOR DE RACIÓN
CON CEPILLO BARREDOR



ENCAMADORA DE
CUBÍCULOS DE
1.7 M³ Y 2.1M³



EXTENDEDORES DE
SILO DE Ø 70, 90 Y 100